



# A IMPORTANCIA E GRANDIOSIDADE DAS XOIAS NA HISTORIA. PERCORRIDO E ANÁLISE DE INFLUENCIAS SOCIOLÓXICAS

Cristina Barreiro Abuín

A historia sempre nos amosa exemplos visuais das particularidades da humanidade, a través dos seus útiles domésticos puidemos mesmo entrever a alimentación dos nosos devanceiros e, incluso, a través da indumentaria e do armamento conseguimos acadar unha visualización global da cultura do pasado.

As culturas da Prehistoria e da época castrexa, en xeral cada cultura cos seus trazos específicos, comparten similitudes dentro da súa diversidade. Quérese con isto dicir que o ser humano sentiu a necesidade de cubrirse para combater o frío, a necesidade de caza para alimentarse, etcétera...

Unha vez cubertas as súas necesidades primarias, xurdía a apetencia e gusto por engalanarse e sentirse imbuídos en certa estética que, no caso dos torques, por exemplo, eran indicadores dun status e categoría social. En Galicia existe unha gran tradición de ourivería autóctona que comeza no Calcolítico, cunha etapa de esplendor durante o Bronce Final e a cultura castrexa, logo a conquista romana cambia conceptos, técnicas e tipoloxías, pero sempre tendo en conta o valor simbólico na súa consideración como bens de prestixio<sup>1</sup>.

Este artigo nace coa intencionalidade de analizar a importancia das xoias dende a etapa da antigüidade ata a época vitoriana, xa que somos conscientes da dificultade de abranguer tan extenso patrimonio de

todos os momentos históricos; tendo en conta de que cada etapa da historia aportou moitas singularidades creando innovacións aplicables á indumentaria, e no que atinxe, ás xoias.

En palabras de Alberto Bartolomé Arraiza, sobre o tema "xoia": «é preciso reivindicar a súa importancia como manifestación artística independente e testemuña fiable de evolución das sociedades constituíndo a máis alta expresión de civilización e de refinamento dunha sociedade e consecuencia do *desenvolvemento colectivo de gusto*<sup>2</sup>.»

Na Prehistoria, os enxovais eran austeros e centrados no material lítico, de aí a súa precariedade e aspecto rudimentario que, a pesar diso, non mingua o desexo do abelorio, de distinguirse e sentirse con boa presenza ante a súa sociedade de conxéneres, como un individuo de bo aspecto físico.

Tamén, en certa maneira, cabe salientar certa «*cultura de reciclaxe*», de aproveitamento dos refugallos como ósos de cérvidos, de bóvidos e restos de sílex e outros materiais. Segundo Aurelia Balseiro, as xoias prerromanas do noroeste peninsular, establecen interaccións das funcións en varias esferas de influencia; no eido espiritual a súa consideración como ofrendas rituais; no eido social a súa consideración

1 Balseiro García, Aurelia en "Xoias tradicionais do Museo Provincial de Lugo", Museo Provincial de Lugo. Servizo de Publicacións. Deputación Provincial de Lugo, 1ª edición, 2009 (prólogo), p.9.

2 Bartolomé Arraiza, Alberto: "Artes decorativas I" en Summa Artis. Historia General del Arte, vol. XLV. Madrid. Espasa Calpe, p.7-34 en "Xoias tradicionais do Museo Provincial de Lugo", Museo Provincial de Lugo. Servizo de Publicacións. Deputación Provincial de Lugo, 1ª edición, 2009 (prólogo).

de ornato / abelorio, como exhibición de poder / riqueza e como indicadores de xerarquía e, no eido económico, como acumuladores de riqueza e produto de intercambios comerciais. É evidente que estas funcións subsisten nas xoias ao longo da historia e, incluso, hoxe en día algunhas aínda se atopan na xoiería actual<sup>3</sup>.

Xa se comeza a ver que, unha vez satisfeitas as necesidades fisiolóxicas máis esenciais, as persoas, ao longo da historia, temos a necesidade de mellorar a nosa presenza física a través de aditamentos externos como son as xoias: colares, brazaletes, aneis... Toda unha marabillosa variedade de afeites e adornos que engrandeceron a beleza humana e, deixaron, un vastísimo legado ao mundo patrimonial.

O feito de pasar da pedra aos metais, permitiu a creación de diferentes técnicas que permitían a amalgama de diferentes materiais creando xa aliaxes entre bronce, prata, ouro... e, dando como resultado, a creación de novas xoias que permitían aumentar o repertorio fabril creando decoracións incisas, incrustacións doutras pedras preciosas, engarces que abriron a porta a un febril universo de creacións novidosas e orixinais do que o mundo romano garda moitos exemplos de soberbias xoias (Fig.1)



Fig. 1 British Museum. Xoia romana, brazaletes serpentiforme

No British Museum gárdanse moitos exemplos do prolífico mundo exipcio e do romano que nos amosa as diferentes manifestacións artísticas plasmadas en abelorios con técnicas de engaste, de vidro, uso de xemas e pedras preciosas... Pero se cadra, un mundo especialmente fascinante no eido da xoiería foi, sen dúbida algunha, o mundo bizantino, caracterizado polas tonalidades douradas fusionadas nese vermello tan intenso e outras gamas cromáticas de verdes que se ven plasmadas nos sensacionais mosaicos de Teodora en San Vital de Rávena (Fig. 2).

---

<sup>3</sup> Exemplos concretos de perduración simbólica, os temas nas coroas de reis e raíñas ou nos aneis de orixe romana que hoxe son reflexo do estado civil dunha persoa; Balseiro García, Aurelia en "Xoias tradicionais do Museo Provincial de Lugo," Museo Provincial de Lugo. Servizo de Publicacións. Deputación Provincial de Lugo, 1ª edición, 2009 (prólogo), p.9.




Fig.2 Rávena, San Vital de. Mosaico de Teodora

Célebres son as técnicas do esmaltado e do "cloissoné" que permitiron incluso traballar con marfil creando unha magnífica arte do marfil. Unha proba de que o pasado non languidece, foi a traída do mundo bizantino ao presente da man dos deseñadores de moda de Dolce&Gabana, que se deixaron embriagar desta cultura para introducila nas súas creacións. O resultado foi unha colorista pasarela que reviviu Bizancio por un día. (Fig.3)



Fig.3 Dolce& Gabana. Moda de inspiración bizantina en pasarela

Como xa dixemos previamente, a xoiería é fiel reflexo da evolución da sociedade, en concreto do período que toque vivir, froito da intención de acicalarse, o maxín humano idea creacións do máis diverso. Tentar englobalo nun artigo breve coma este é absolutamente inviable, xa que cada etapa arroxa tanta información como para facer sendas publicacións monográficas, debido a isto facemos unha selección das etapas máis significativas e das xoias máis senlleiras.



Fig. 4 Anel medieval de San Nicolás

Quizais sexa a época medieval a que máis escurantista se volta en torno a produción de xoias individualizadas, sobre todo das femininas, xa que aquí ten máis importancia o mundo do vestir e das toucas, tendo moita variedade de mantos, capas, toucados e coroas. A xoiería máis importante atopámola nos aneis papais e nos báculos onde se engastaban pedras preciosas e xemas (Fig.4), namentres a feminidade víase máis limitada e coartada, relegándoa ao mundo do decoro e do pudor, non será ata o renacemento cando a muller rexurda como unha «Venus» fermosa e dona da súa beleza, permitindo a aparición de cadros como o de Simonetta Vespucci de Piero di Cosimo (Fig.5), onde a muller loce os seus senos espidos que contrasta cun colar no que se enrola un áspid que se salienta máis polo rubor da pel espida da muller e reluciente, en repousada e calmada actitude de contemplación; algo impensable na idade media pero que cobra forza no renacemento que fai da muller unha nova «Venus», e afonda moito nesta temática, tal como se ve no cadro de «Amor sacro, amor profano» de Tiziano (Fig.6)



Fig.5 Cosimo, Piero de. Retrato de Simonetta Vespucci



Fig. 6 Tiziano. Amor sacro, amor profano



Fig. 7 Canovas. Escultura neoclásica

Do Renacemento, pasamos ao manierismo, antesala da aparición do Barroco, movemento artístico onde xa comezan as carnosidades e o gusto pola voluptuosidade, mitigándoa a sobriedade dun neoclasicismo palpitante que impón formas académicas con Canova (Fig.7) que buscan a sinxeleza e pureza das formas, non tan complexas, senón de liñas menos recargadas e máis fluídas, que marcan un novo canon creativo e compositivo.

Entramos de cheo no Rococó, onde o recargado cobra moito auge e invade todo, a base de formas florais e vexetais, moi carnosas e con certos tons de rosa empoadado e matices suaves que fan elaborar xoias nesta mesma liña. Un exemplo destas tonalidades é este busto feminino que figura no Museo Provincial de Lugo (MPL) (Fig.8), que se trae a colocación para plasmar este universo cromático no mundo material e tamén no aspecto íntimo e persoal das xoias.



Fig. 8 Busto feminino. Fábrica Royal Dux

O mundo das xoias tamén vai moi vencellado á frivolidade e ao gusto por ser máis feminina, máis muller, máis libre. Coa chegada dos anos 20, será cando as mulleres se liberan e desfrutan ao máximo da súa existencia como muller, única e irrepitible. A muller ábrese ao mundo nocturno, desinhíbese e comeza a usar prendas máis curtas (Mary Quant inventara a revolucionaria minisaia, máis adiante, no 1960) e atrevidas, sendo característica deste período os longos colares de perlas, icona fetiche do *charlestón*, que pasara xa aos anais da historia como algo moi vívido na retina de todos nós. (Fig.9) (Fig.10)



Fig. 9 Modelismo tipos anos 20. Fondos do Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos)



Fig. 10 Baker, Joséphine. Bailarina de charlestón no Folies Bergerée, Paris (1926)

Polo medio deste trepidante mundo, non debemos esquecer que as xoias non só nacen como mero aditamento decorativo, senón que moitas foron creadas como amuleto, como auténticos elementos profilácticos de protección contra o mal de ollo e as supersticións. Temos un excepcional exemplo na nosa historia galega como é a figa, feita en acibeche, unha pedra fósil, mística e dotada dun halo de gran misterio pola súa capacidade de imantarse atraendo outros obxectos. Esta especial característica de imantarse dálle un selo especial ao acibeche, moi vencellado á cultura galega, e reproducido por Sargadelos na súa versión de sinal propia (Fig.11).



Fig. 11 Figa. Recreación cerámica de Sargadelos

---

Vencellado a esta temática, están tamén as xoias relixiosas de tipo votivo ou de devoción, compostas principalmente por rosarios, cruces, medallóns-relicario...; o conxunto da xoiaría de devoción contén interesantes aspectos para o coñecemento deste tipo de obxectos que, ao non estaren realizados en ouro, rara vez se clasifican como xoias, pero si que o son se atendemos a súa función e á calidade de elementos portátiles susceptibles de seren agregados sobre o corpo e a vestimenta. Chegando xa ao remate dos períodos que imos analizar, é o momento da época vitoriana. A época vitoriana (1837-1901) da historia do Reino Unido marcou a cúspide da revolución industrial e do Imperio Británico. Unha época na que a muller adquire máis dereitos legais, malia a seguir carecendo do dereito de sufraxio universal, é unha etapa ríxida, de férreos prexuízos e severas prohibicións, podemos falar de "*puritanismo*" exacerbado onde as mulleres se debían aos lugares privados, cun status de sometemento e do coidado dos seus fillos e do fogar.

As xoias vitorianas de sempre foron asociadas á elegancia e ao romance, con pedras preciosas e unha construción moi ornamental cun notable deseño a través do engarce de pedras, salientando ópalo e perlas, coral, diamantes e zafiros. Todo embebido nun halo de encanto e extravagancia.

Xoias que contrastaban cunha recorrencia ao negro na indumentaria e irrompían fortemente no panorama dunha sociedade, como xa dixemos anteriormente, moi asfixiante e encostelada que facía á muller mística e submisa. Esta é unha época que fixo marca de identidade unha xoia insubstituíbel e inesquecible como o foi o camafeo, unha curiosa xoia que co tempo írase modificando. Existindo versións que levan dentro fotografías de persoas achegadas falecidas ou namorados, ou mesmo incluso tamén se deron os "*gardapelos*" (Fig.12)



Fig. 12 Camafeo de tipo victoriano.

A modo de conclusión, queremos reivindicar máis rango de valor e estima para os consideradas artes menores como son as suntuarias ou decorativas que, malia a non ser tan evidentes como a arquitectura e a escultura, teñen tamén unha moi importante contribución ao mundo da arte e, mesmo se cabe, arrojan moita luz mediante datos aparentemente subsidiarios que, correctamente concatenados, axudan a esclarecer episodios de historia dándolle outro enfoque a súa conceptualización.

## BIBLIOGRAFÍA:

ARBETETA MIRA, Letizia. "A colección de xoias do Museo Provincial de Lugo". En: *Xoias tradicionais do Museo Provincial de Lugo*. Museo Provincial de Lugo. Lugo: Deputación de Lugo, Servizo de Publicacións, 2009.

*Xoias tradicionais do Museo Provincial de Lugo*. Lugo: Museo Provincial de Lugo. Servizo de Publicacións. Deputación Provincial de Lugo, 2009.

BARTOLOMÉ ARRAIZA, Alberto: "Artes decorativas I". En *Summa Artis. Historia General del Arte, vol. XLV*. Madrid: Espasa Calpe.

BEAULIEU, Michéle: *El vestido antiguo y medieval*. Colección ¿qué sé? Nuevo lanzamiento. Barcelona: OIKOS-TAU SA, 1971.

BEAULIEU, Michéle: *El vestido moderno y contemporáneo*. Colección Da Vinci ¿qué sé? Universiteires de France, 2005.

CALEFATO, Patrizia: *El sentido del vestir*. Valencia: Editorial Engloba, 2002.

FATÁS, Guillermo: *Diccionario de términos de arte y elementos de arqueología, heráldica y numismática*. Biblioteca de consulta. Madrid: Alianza Editorial, 2003.

KÖNIG, René: *La moda en el proceso de civilización*. Valencia: Editorial Engloba, 2002.

LAVIER, James: *Breve historia del traje y la moda*. Ensayos Arte Cátedra. Ediciones Cátedra, 1988, 2008.

<https://es.m.wikipedia.org> (23/01/2020)

<https://orfebrealejandro.blogspot.com> (23/01/2020)